



Autor Fina Caslderrey e Francisco Castro
Ilustradora Patricia Castelao
Páxinas 61 páxinas
Editorial Galaxia A partir de 10 anos e para todos os públicos



SINOPSE

Akesh é un neno que vive onda a súa avoa, pero todos os días ten que camiñar e camiñar, na compañía de Choiva para procurar algo que comer. Altaír vese sometida a unha terríbel explotación, que axiña pode sufrir o seu irmán Nadim. Kai é un cativo a quen lle quixeron roubar o nome, mais unha amiga volveullo regalar de novo. Leila vai ser obrigada a casar polo interese do seu propio pai cando aparece a mirada precisa. Carlos desprázase nunha cadeira de rodas, mais iso non é impedimento para que goce bailando. Cinco protagonistas, cinco historias que nos lembran os dereitos da infancia, mais sobre todo que nos indican que, nas peores situacións, tamén hai esperanza.

AUTORES

www.editorialgalaxia.es/autores

FINA CASALDERREY

Fina Caslderrey naceu en Xeve (Pontevedra) e dende os dezanove anos dedicouse ao mundo do ensino. Da súa infancia lembra especialmente o momento en que puido falar e pediu unha irmá, mais tamén a fame de libros que pasou naquela época. Quizais por iso, cando foi adulta, arriscouse a dar de comer palabras ao seu lectorado e de aí saíron exitosas obras como *Dúas bágoas por Máquina* (1992, Premio Merlín); *O misterio dos fillos de Iúa* (Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996); *¿Quen me quere adoptar?* (Selección White Ravens 2006) ou *A lagoa das nenas mudas* (2007). Se queres descubrir máis dos pratos que esta autora vai compoñendo con letras –que combinan a sinxeleza e a tenrura a partes iguais– visita a súa páxina web www.fina.casalderrey.com

FRANCISCO CASTRO

Francisco Castro naceu en Teis (Vigo) en 1966. Ensinante primeiro e xestor cultural despois, da súa mocidade lembra as tardes no Cine Roxy, o sorriso daquela rapaza que lle roubou o corazón e moitas das cintas dos Beatles que garda coma un dos seus maiores tesouros. Como non puido facerse músico, decidiu que sería escritor. E desa decisión foron nacemento obras para nenos e mozas, como *Chamádeme Simbad* (Premio Frei Martín Sarmiento e Lista de Honra de IBBY 2012) ou *O segredo de Marco Polo* (2010); pero tamén textos para persoas medradas, como *As palabras da néboa* (Premio García Barros 2007) ou *In vino veritas* (2012). A el e aos seus textos podes atopalos na súa illa particular, o diario-blog “A canción do náufrago”: franciscocastro.blogaliza.org

VALORES

- A solidariedade
- Os dereitos da infancia
- A loita contra a explotación infantil
- A igualdade entre os seres humanos
- A necesidade de ter unha familia e unha educación
- A importancia de contar cun nome
- O respecto polas persoas con discapacidade e a defensa dos seus dereitos
- O compañeirismo
- O respecto polos animais e a defensa dos lazos que se establecen entre estes e as persoas
- Os hábitos saudables
- A necesidade de elixir o propio destino
- A defensa dos dereitos das mulleres
- A esperanza en que nas situacións máis difíciles tamén se poden cambiar as cousas.

ANTES DE LER O LIBRO

- Punto de partida. Realizamos cos alumnos un pequeno debate para coñecer que saben dos dereitos da infancia: que son, cales son, quen os estableceu, que significan. Todas as ideas que xurdan se recollerán nunha cartolina ou mural.
- Achegamento aos dereitos da infancia. Explicación, por parte do profesorado ou da persoa mediadora de cando e por que se estableceron. Organización dun pequeno coloquio en que o alumnado coñeza cales son e reflexione sobre a importancia de cada un deles. Para comezar este debate partimos da seguinte pregunta: como sería un día sin dereitos da infancia?
- Como actividade de quecemento preparatoria para a lectura da obra, pedirlle ao alumnado que pense na súa mascota ou animal especial e procurar que lembren como os acompañou nalgún momento difícil.

DURANTE A LECTURA DO LIBRO

PARA ENTENDER

- ¿Que importancia teñen os cans nas diferentes historias? A Akesh chámalle “neno can” outro rapaz da súa idade, ¿debido a que? Respecto aos outros protagonistas, ninguén se refire a eles desta maneira, pero poderían ser “nenos can”, ¿por que?
- Analizar os finais dos cinco relatos, ¿que teñen en común? ¿Cambiarías algún deles? Argumentar a resposta.
- ¿Que temas se abordan nos relatos? ¿Hai algún que é común a todos eles?
- Na túa opinión, ¿cal é o relato máis duro dos que aparecen no libro? ¿E cal o teu personaxe preferido? ¿Por que?
- Repara nas ilustracións da obra, ¿que se resalta nelas? Fíxate nas expresións faciais que teñen os personaxes. Tenta describilas coas túas palabras.

PARA INVESTIGAR

- Ao final de cada relato, aparece unha senteza de persoeiros moi variados: Mahatma Gandhi, Manuel Curros Enríquez, Manuel Rivas, Tareixa de Calcuta e Stephen Hawking. Por grupos, investigade quen foron e elaborade un mural con imaxes, datos biográficos e sentezas célebres ou fermosas dos mesmos. Despois, podedes facer unha pequena exposición no voso centro, para que outras compañeiras e compañeiros saiban da vida e obra dos mesmos.
- Pescudar novas nos medios de comunicación que lembren, dunha maneira central ou secundaria, algunhas das historias reflectidas na obra. Explicar aos demais membros do grupo con que relato se relacionou a nova e por que.

PARA INVENTAR

Creación dunha peza literaria (relato, poema ou escena teatral) a partir dun dos dereitos da infancia que non apareza no libro e que remate, igualmente, cunha cita relacionada.

NA AULA

PARA DEBATER

- Organización dun debate (que pode pensarse en colaboración co departamento de matemáticas, de economía ou de ciencias sociais –dependendo do curso académico do lectorado e da súa madurez) en que as mozas e os nenos reparen sobre o impacto que a actual crise económica ten sobre as persoas que viven situacións de exclusión social. Pode reflexionarse sobre cómo lles afectaría, en concreto, a cada un dos protagonistas dos relatos.
- Analizar as diferentes actitudes da muller e da nena que aparecen neste fragmento e valorar as implicacións que teñen para o protagonista do relato “Perla Negra”:
—Nena!, fuxe, nena! Non vaias con ese piollento. Que fai unha nena coma ti a xogar cun farrapento coma ese? Seguro que nin nome ten!
Ana, que por mor do susto soltara a man do seu novo amigo, volveulla coller. Néboa ladráballe á muller, anoxado.
-Non é ningún piollento e ten nome! Chámase Kai e é o meu amigo!
Despois de dicir isto fitou para o neno e viu moi contento”.

- Partindo da cartolina realizada polos alumnos sobre os dereitos da infancia previas á lectura do libro, organización dun debate no que poidan comparar que sabían e que aprenderon con a lectura destas historias. Para afondar no debate podemos traballar a partir de alguna das seguintes cuestións:

- ♦ Hai uns dereitos máis importantes que outros?
- ♦ Os nenos temos dereitos pero tamén temos obrigacións.
- ♦ Os dereitos da infancia significan que “podo facer o que queira”?
- ♦ Como neno, eu non podo facer nada polos dereitos da infancia.

PARA COLABORAR

Facer cinco grupos na aula e asignar a cada un deles un relato. De maneira cooperativa, o alumnado deberá pensar accións que poderían mellorar a situación persoal dos protagonistas.

PARA EXPERIMENTAR

Se tes habilidades co debuxo, tenta maxinar a algún dos cadelos que aparece no volume ¿ou poderían ser todos o mesmo? Se che gusta máis experimentar, emprega unha cámara fotográfica e capta algún obxecto, paisaxe ou elemento de calquera clase que simbolice o papel que estes animais desenvolven no volume. Despois, explica ao grupo a significación da túa instantánea.

PARA SABER MÁIS

A voda de Leila é unha voda amañada: ¿en que países está vixente esa tradición? ¿Que efectos ten na persoa que a padece? “A moitas esposas péganlles e non lles permiten saír xamais da casa”, di a protagonista. ¿Prodúcese esta situación no teu país? Reflexionade entre todos sobre isto.

PARA COÑECER

Houbo moitas persoas que loitaron a prol dos dereitos humanos de diferentes xeitos: Nelson Mandela, Rosa Parks, Rigoberta Menchú, Mary Wollstonecraft, Martin Luther King ou Harvey Milk. Investiga quen foi cada unha delas, a prol de que dereito ou dereitos desenvolveron o seu labor e afonda na súa pegada no mundo actual.

PARA COMPLEMENTAR

Visionado de algúns ou varios destes filmes, con posibilidade de facer un cine-fórum posterior (dado que todos se ocupan da defensa de dereitos humanos ou da denuncia do seu incumprimento como tema principal ou secundario): *El Bola* (2000) de Acheró Mañas; *Billy Elliot* (2000) de Stephen Daldry; *Milk* (2008) de Gus Van Sant; *La hija del puma* (2009) de Ulf Hultberg; *Precious* (2009) de Lee Daniels; e *Invictus* (2010) de Clint Eastwood. (Escóllense filmes moi variados dado que *O neno can* é moi axeitado para ser traballado con rapazas e mozos de idades comprendidas entre os 10 e os 16 anos, polo que os filmes propostos teñen en conta este amplo abano de idades).

PARA DESCONECTAR

Moitas cancións se teñen ocupado de denunciar diferentes situacións de inxustiza, semellantes ás que aparecen na obra. Este é o caso de “El emigrante” de Celtas Cortos. Procurar na rede outros temas musicais que poñan de relevo realidades semellantes ás que aparecen na obra. Facer despois unha escoita activa na aula de algunhas delas e comentar cal é a súa denuncia.

PARA CONECTAR

Contactar cunha organización, UNICEF por exemplo, que se centre na defensa dos dereitos das nenas e nenos ou que traballe especificamente sobre algunha das cuestións que aborda o libro. Despois, organizar un coloquio cunha persoa da organización para que o alumnado coñeza como traballan e saiban en que proxectos están a centrar a súa laboura actualmente.

PÁXINAS WEB QUE PODES VISITAR

Páxina de *Enrédate con UNICEF*. *Enrédate* é o programa educativo de UNICEF dirixido a centros de ensino que promove o coñecemento dos Dereitos da Infancia e o exercicio da cidadanía global solidaria e responsable. Os *Centros Enredados* son aqueles que forman parte da rede de centros aliados UNICEF. Acceden gratuitamente ós materiais educativos do programa e reciben información personalizada para traballar nas súas aulas os dereitos da infancia.

Máis información e actividades en www.enredate.org

Páxina web de UNICEF, organismo das Nacións Unidas que traballa para preservar os dereitos dos cativos e cativas en máis de 190 países: www.unicef.es

